

# CATALOGACIÓN TOPONÍMICA DO CONCELLO DE LAXE

Xosé Vidal Pérez

## ÍNDICE

1/ Introducción.

1.1/ As características da toponimia galega.

1.2/ A clasificación dos topónimos de Laxe.

2/ A microtoponimia ou toponimia menor

2.1/ A toponimia de entidades xeográficas relacionadas con terras de cultivo e pasto.

2.2/ A toponimia de entidades xeográficas relacionadas con montes.

3/ A macrotoponimia, toponimia maior ou toponimia das entidades de poboación.

## **1/ Introducción.**

Os topónimos, os nomes dos lugares, das terras de labor, dos montes, dos regos, dos ríos, dos areais, do litoral marítimo, etc., forman parte do patrimonio histórico e cultural do país.

Sen embargo este patrimonio é inmaterial, non se pode tocar e tampouco ver, pero, ao igual e coa mesma importancia que un resto arqueolóxico ou monumental existente na nosa zona, forma parte da nosa historia e o seu estudio permítenos coñecermos mellor, saber máis sobre o noso pasado, sobre nos mesmos, xa que o seu estudio aporta datos da nosa forma de vida, das características xeográficas dos terreos, da vexetación dominante en determinadas épocas, do tipo de construcións existentes, das actividades económicas predominantes, dos camiños e vías de comunicación, etc.

Pero ao ser a toponimia un elemento inmaterial sufriu co paso do tempo moitos e variados cambios.

A causa fundamental deses cambios obedece a que a toponimia coñecémola a través da lingua oral e esta é un elemento que sofre moitas transformacións ao longo da historia. Non falamos igual agora que hai douscentos anos e ademais, por ser a fala en galego, non existiu unha normativa que obrigase a que todos faláramos igual, como sucedeu coa lingua castelá, e outro aspecto igualmente importante é que nós falabamos en galego pero non sabíamos escribilo, e os que o escribían facían, as máis das veces, mal porque o descoñecían.

### **1.1/ As características esenciais da toponimia galega.**

Sabido é que os romanos penetraron na *Gallaecia* ala polo século I antes de Cristo e aquí permaneceron como pobo dominante uns catrocentos anos, froito dunha presenza tan longa no tempo e do dominio que exerceron os romanos sobre Galicia vana latinizando progresivamente (fenómeno denominado romanización) e no final só quedaron a cultura, a lingua e as costumes romanas. O galego entón é unha lingua derivada do latín e, polo tanto, os topónimos desta orixe son os máis abundantes.

Pero antes da chegada dos romanos, Galicia estaba habitada por uns pobos que nos deixaron suficientes nomes que pertencen á lingua coa que eles se comunicaban. Estes pobos que ocupaban Galicia antes da invasión romana eran os celtas (un pobo indoeuropeo que chegou a Galicia sobre o século VI antes de Cristo) e tamén os anteriores a estes, os primeiros poboadores da península, os iberos (un pobo preindoeuropeo).

Dos estratos lingüísticos posteriores ao latín, o principal é o aportado polos suevos, un pobo de lingua xermánica establecido en Galicia no século V.

Máis tarde chegan os árabes, pero a zona de Laxe mantivo escasos contactos con este pobo.

Pero ademais da existencia de nomes iberos, celtas, latinos, suevos e algún árabe, moitos deles reflicten características dialectais propias desta zona. Vexamos uns poucos exemplos significativos:

a/ A gheada: Fenómeno fonético do idioma galego que consiste en pronunciar o g como unha aspirada farínxea. Exemplo Gándara / Ghándara.

b/ O seseo: pronuncia do z/ð como s. Así Rozal / Rosal.

c/ Vacilacións no vocalismo, das que as máis sobresalientes serían: i/e, como sucede no topónimo Infestas / Enfestas; a/e, así Pedragosa / Pedregosa; e/o, como exemplo serviría o nome de Tensora / Tonsor; o/u, tal como sucede en Cortiña / Curtiña; o/ou: Morelo / Mourelo.

d/ Perdas de vocal: Gándara / Gandra.

Ademais de todo o anterior, debemos observar a utilización de prefixos e sufixos propios da lingua galega.

Os prefixos máis utilizados serían:

- su / so / sua / suas / sos: do latín *sub*, “debaixo de”. Exemplos: Somato, Suavila, Suasfontes, etc.

- riba: do latín *ripa*, “ribeira de”, “ó redor de”. Exemplo: Ribadafonte.

- tras / trans: do latín *trans*, “detrás de”, “máis alá de”. Exemplos: Traleira ou Transfontán.

Os sufixos poderían clasificarse en dous tipos:

1.- Sufixos aumentativos.

- al. Exemplo: Seixal.

- osa / oso. Exemplos: Vadarosa e Silvoso.

- eira / eiro. Exemplos: Carballeira e Lameiro.

- aria / ario. Exemplos: Candelaria e Igrexario.

- eda / edo / ido. Así Carballeda, Figueiredo e Codesido.

2.- Sufixos diminutivos:

- ela / elo. Exemplos: Cabanela e Castrelo.

- iña / iño. Exemplos: Cortiña e Hortiño.

## **1.2/ A clasificación dos topónimos de Laxe.**

A clasificación da nosa toponimia pode facerse segundo dous criterios. O primeiro, atendendo ao estrato lingüístico ou derivación etimolóxica das palabras e o segundo, atendendo ao criterio semántico ou coñecemento do seu significado.

Se nos baseamos no criterio referente aos estratos lingüísticos da toponimia galega podemos establecer dous grandes estratos dos que proceden os topónimos galegos: a toponimia prelatina e a toponimia latino-romance (latín e linguas románicas). Igualmente o estrato xermánico e o árabe teñen a súa importancia, pouca en ámbolos dous casos.

### **1.2.1/ A clasificación dos topónimos segundo o criterio lingüístico.**

1.2.1.1/ O estrato prelatino:

Dentro do estrato latino, distínguense dous substratos: o ibero e o celta.

O substrato ibero deriva da fala dos pobos que habitaban Galicia antes da chegada dos celtas

O substrato celta é o propio deste pobo indoeuropeo chegado a Galicia no século VII a. C.

Corresponden ao estrato prelatino, esencialmente, nomes relacionados con montes, con correntes de auga e tamén moitos dos nomes das entidades de poboación.

Alguns exemplos: Arnado, procedente da raíz *ar-* “auga”; Candán, de *can-* “pedra”; Laxe, de *lag-* “pedra plana”.

1.2.1.2/ O estrato latino- romance:

Os romanos ocupan Galicia no século I a. C., época a partir da cal se inicia a romanización.

Da lingua latina derivarán as linguas románicas, unha delas é o galego.

Pertencen ao estrato latino-romance moitos topónimos relacionados con plantas, con animais e, sobre todo, con poboacións.

Exemplos: Reboredo, derivado de *robur*; Centeal, de *centenu*; Piñeiro, de *pinu*.

1.2.1.3/ O estrato xermánico:

O pobo xermánico dos suevos penetra en Galicia no século V e instauran o reino que durará ata o final do século VI.

Exemplos deste estrato lingüístico en Laxe serían os nomes de Gundar e Reimil

1.2.1.4/ O estrato árabe:

Os árabes permaneceron en España desde o século VIII ata o final do XV, aínda que Galicia permaneceu totalmente allea á civilización do Al-Andalus, sen embargo os topónimos laxenses de Almozarro e Atalaia deben ser integrados dentro deste estrato lingüístico.

### **1.2.2/ A clasificación dos topónimos segundo o criterio semántico:**

Considerando o criterio semántico, ou sexa, a causa que orixina que un sitio se chame dun xeito ou de outro, podemos establecer varios grupos de topónimos, así:

1.2.2.1/ Orónimos: Nomes que teñen como causalidade os montes e a constitución física do espazo onde se atopan. Exemplos: Coído, Pena e Laxe.

1.2.2.2/ Hidrónimos: Nomes que se relacionan coas augas. Exemplos: Braña, Canleiros e Lagoa.

1.2.2.3/ Fitónimos: Nomes que establecen unha relación coa vexetación. Exemplos: Fabal, Feal, Liñares, etc.

1.2.2.4/ Zoónimos: Nomes de lugar que teñen procedencia animal. Exemplos: Curveiro, Raneira e Teixoeiras.

1.2.2.5/ Antropónimos: Nomes formados a partir de nomes de persoas. Exemplos: Carrabete e Mordomo.

1.2.2.6/ Haxiotopónimos: Topónimos relacionados con nomes de santidades. Exemplos: Santa Rosa e As Virtudes

1.2.2.7/ Topónimos derivados da natureza e das particularidades do terreo. Exemplos: Catasol, Vao, Meán “a que está no medio”, etc.

1.2.2.8/ Topónimos derivados de construcións. Exemplos: Castelo, Castro, Pazo.

1.2.2.9/ Topónimos derivados da vida agrícola. Exemplos: Devesa, Estivada, Roza, etc.

1.2.2.10/ Topónimos de variada procedencia que non encaixan dentro dos grupos anteriormente descritos. Exemplos: Mina, Pagos, Tinza.

## **2/ A microtoponimia, toponimia menor ou toponimia de entidades xeográficas relacionadas con terras de cultivo, pasto ou montes.**

### **2.1/ A toponimia de entidades xeográficas relacionadas con terras de cultivo e pasto.**

#### **Agoeiro / Agüeiro / Agüíns:**

Procede da voz latina *aqua* e indica un lugar onde flúe auga.

#### **Agra / Agro:**

Ámbolos dous derivan do *agru* latino.

Significan campo de labranza pero diferéncianse na cantidade xa que o agro ten unha extensión máis reducida.

#### **Alargo:**

Do latín *largu*.

Terreo que se gaña sobre un baldío ermo e se incorpora á produción agrícola.

#### **Alcacéns:**

Fitónimo radicado en Lourido, parroquia de Serantes.

Indica un espazo adaptado para o cultivo de alcacén; mestura de centeo, trigo, avea e orxo que se sementa no final do verán para ser utilizado no inverno como herba verde para o gando.

#### **Alvariza:**

Lugar pechado onde se situaban os cortizos das abellas.

#### **Antes:**

Zona con presenza de antes, pedras delgadas e planas de tamaño apreciable que se utilizaban para valar as leiras.

Ten como referencia a voz latina *anta*.

#### **Artugueira:**

Topónimo derivado da raíz *art-* e o sufixo abundancial *-eira*, con significación de valgada.

#### **Avieira:**

Procede da base prerromana *ab-* e o sufixo *-eira*.

Significa un lugar onde nace ou se embalsa moita auga.

#### **Balieira:**

Este zoónimo, localizado na parroquia de Laxe e lindante co mar, contacta co cetáceo mariño que visitaba estas zonas noutras épocas históricas.

#### **Ballote:**

Fitónimo radicado dentro do couto de Lourido, na parroquia de Serantes.

Designa un monte onde nace o asfódelo (*Asphodelus albu*), gamón, abrótega ou, localmente, *ballote*, unha planta liliácea silvestre con flores brancas.

#### **Barcales:**

Procede da raíz *barc-*. Indica un espazo cóncavo.

#### **Besugueira:**

Paraxe dominada pola Punta Besugueira, un lugar idóneo para pescar panchos.

#### **Bieiteiro / Bieitos:**

Terreo onde medra o bieiteiro (*Sambucus nigra*).

O sinónimo máis preciso para designar esta paraxe en Galicia sería Sabugal ou Sabugueiro, que non aparece como topónimo na xeografía do concello de Laxe.

#### **Boedo:**

Terreo encharcado.

Este topónimo procede da palabra latina *budetu*, que pode derivar tamén en Bueu e en Budiño.

#### **Borrallas:**

Espazo afectado polas brétemas.

**Bouza / Boucela / Boucella:**

Designa un espazo que antes era monte e agora cultívase.

**Braña / Brañeira / Brañal:**

Derivado da raíz *bar-*.

Terreo con humidade constante destinado xeralmente a prado.

**Burraxo:**

Topónimo que require relacionalo coa presenza de néboas.

O lugar, sito en Boaña, é o espazo polo que entra este fenómeno atmosférico procedente do mar.

**Cal / Canle / Canleiro / Canleira:**

O topónimo provén do latín *canale*.

**Campanario:**

Lugar achegado á Igrexa de Soesto, onde posiblemente estaba situado o campanario, aínda que esta circunstancia non era frecuente en Galicia.

Pode igualmente referirse a un lugar elevado, e esta condición cúmprese neste caso.

**Candán / Candeira:**

Derivan da raíz *cand-*, “lugar con rochas”.

**Canoa:**

Fitónimo derivado do latín *canna*.

Indica un lugar onde nacen canas (*Arundo Donax*).

**Carballo / Carballeira / Carballas / Carballosa:**

Terreo onde abundan os carballos.

A raíz é a céltica *car-*.

**Cardosa:**

Este topónimo, localizado en Traba, pode ter un dobre significado e calquera deles é válido.

1.- Terreo dominado por unha vexetación na que predominan os cardos (*Cynara cardunculus*).

2.- Espazo moi pedregoso. Derivado da raíz *car-*, “pedra” e o sufixo aumentativo *-osa*.

**Carreira / Carreiro:**

Espazo atravesado por sendeiros que permiten o paso de persoas e animais.

**Carrizas:**

Paraxe onde nacen carrizas.

A súa raíz é a latina *carex*.

**Cartas:**

Este topónimo localizado cerca do lugar de Cernado, na parroquia de Traba, pode estar relacionado coa cuarta parte dunha propiedade foral.

O pago dunha renda equivalente á cuarta parte dos froitos pode ser outro posible significado.

**Castaño / Castañeiro / Castiñeira:**

Estes topónimos utilízanse indistintamente como sinónimos de souto.

Indican un terreo sementado con castiñeiros (*Castanea sativa*), as árbores produtores da castaña, o alimento básico de Galicia antes de adaptarse a pataca americana á produción agraria galega no século XVIII.

En todas as parroquias do rural de Laxe, as patacas chámanse castañas. O froito procedente do castiñeiro recibe o nome de castaña de castiñeiro.

**Castelo / Casteliño:**

A procedencia destes topónimos debemos buscala no diminutivo da palabra latina *castru*.

O seu significado é variado:

1.- Presenza dun castelo medieval ou construción similar, aspecto testificado no Monte do Castelo en Serantes e na Torre da Moa en Traba.

2.- Existencia dun castro.

3.- Cando non se cumpren as acepcións anteriores, dámoslle o significado de espazo con forma cónica no seu cume.

**Castro:**

A existencia deste topónimo ponnos en contacto coa presenza dun castro, o elemento básico da cultura castrexa.

No concello de Laxe atópanse vestixios castrexos en Lourido, en Socasas e na Torre.

**Chouza / Chouzo / Choucelo:**

Significa terreo acoutado, cercado.

O termo procede da voz latina *clausa*, “cerrada”.

**Codeso / Codeseira / Codiseira:**

Prové do latín *cutisu*. Lugar apto para os codesos (*Adenocarpus complicatus*).

**Condomiñas:**

Procede do latín *cum dominiu*.

Fai referencia a un terreo compartido por varios posuidores.

**Consados:**

Palabra derivada da raíz *con-* e o sufixo *-ado*, “moita rocha”.

**Cores / Corexo:**

Topónimo derivado de *cor-*, “pedra”.

**Cornaceira:**

Este topónimo provén da raíz *corn-* e o sufixo *-eira*, “pedregal”.

**Corte / Cortella / Cortiña / Curtiña:**

Topónimos derivados da voz latina *cohorte*.

A cortiña era un terreo próximo á casa de labranza destinado ao cultivo de legumes e cereais e intensivamente explotado. Igualmente pode indicar un recinto pechado para gardar o gando.

**Corveiro / Curveiro:**

Lugar que debe emparentarse cos corvos (*Corvus corax*), ora porque o frecuentan, ora porque teñen por costume aniñar aquí.

**Cotón / Cotro / Cotaredo:**

A súa raíz é *cot-* e significan a parte máis alta dunha paraxe.

**Couto:**

Topónimo que procede do latín *cautu*, “pechado”.

Significa lugar cercado, historicamente vencellado a unha propiedade señorial eclesiástica ou laica.

Un exemplo é o Couto de Lourido, que inclúe casas, leiras de labranza e pasto, herbais, montes, muíños, unha devesa de carballos e un castro.

**Cristiño:**

Deriva, posiblemente, do verbo latino *creasco*, “aumentar”.

Indicaría un lugar pouco elevado, un outeiro pequeno.

**Devesa:**

Terreo acoutado e poboado con árbores autóctonas.

Deriva da voz latina *defensa*, que no español dá dehesa.

**Eira:**

Lugar onde se realiza a malla dos froitos.

**Escribana:**

Leiras que foron propiedade dun escribán.

**Espiño / Espiñaredo:**

Latín *spinariu*.

Indica un lugar poboado de arbustos espiñentos, como son o estripo (*Crataegus monogyna*) e o abruño (*Prunus spinosa*).

**Esqueiro:**

Nesta zona había un valado pronunciado que para sortealo construíron un paso, colocando chanzos de pedra no muro. Este elemento chámase tamén pasadoiro.

**Fabal:**

Lugar axeitado para o cultivo de fabas.

**Fandiñal:**

Localismo que fai referencia a un arbusto da familia das mirtáceas, coñecido como Mirto de Brabante ou Arraián bastardo (*Myrica gale*).

Admitir este topónimo como un fitónimo parece pouco adecuado, máis ben habería que relacionalo cun antropónimo, neste caso Fandiño, apelido e patronímico frecuente na zona.

**Feal:**

Paraxe onde abunda o feo, seguramente da especie silvestre (*Deschampsia flexuosa*).

**Figaredo / Figueredo / Figueiredo:**

Terreo onde nacen figueiras (*Ficus carica*).

**Fornos:**

Do latín *formu*.

Sinala unha zona onde existen concavidades naturais sobre o terreo, pero mesmamente pode ser un indicio da presenza dunha mámoa.

**Foxiño / Fuxiño:**

Do latín *fogiu*, “foxo”, “covo”, “barranco”.

Se relacionáramos este topónimo co lobo, teríamos que falar do foxo de lobos.

O foxo de lobos localizábase no monte e consistía nunha superficie semicircular valada e aberta pola parte máis ancha, que remataba nun foxo onde caía o lobo despois de ser corrido.

**Frade:**

Voz derivada de *fratre*. Terreos que, seguramente, haberá que relacionalos con monxes.

**Furco:**

Terreo que adopta a forma de forca, *furca* en latín.

En Matío existe un espazo que se chama Cruz de Furco. Aquí obsérvase unha redundancia semántica que é correcta xa que neste sitio existen dous cruces de camiños.

**Galeria:**

Topónimo localizado no litoral marítimo da parroquia de Laxe que se destinaba ata hai pouco tempo para sementar patacas.

Indica un espazo estreito e aberto ao mar.

Os laxenses pronuncian este topónimo con acento de intensidade na segunda sílaba, non no hiato como é normativo.

**Gándara / Gandra:**

Terreo chan e encharcado que pode aproveitarse para a produción agrícola ou estar inculto, tal como sucede cos montes da Gandra.

**Guincha:**

Presenza dunha pedra picuda, unha *ghincha*.

**Ichoas:**

Do latín *ostiolu*, “portiña”, “entrada pequena”.

**Infesta / Enfesta:**

Latín *infestu*, “pendente”.

**Ínsua:**

Topónimo derivado do latín *insula*, “lugar afastado”.



**Laberco:**

O significado deste termo no galego común actual é rústico, inculto, escasamente produtivo.

Outro posible significado sería “zona frecuentada por lobos” xa que pode derivar do latín *lupercu*. Se fora así, o topónimo tería que ser Loberco.

**Latas:**

Derivado de *latta*, “vara”. Terreo estreito e alongado.

**Lesteira:**

Terreo no que abundan as lestras, unhas plantas gramíneas da familia *Anthoxantum* que se reproducen en prados con certo grao de humidade.

**Lexas:**

Deriva da raíz *lab-*, “laixa”, ao igual que Laxe.

**Liñares:**

Do latín *linu*.

Terreo onde se cultivaba o liño, a materia prima esencial da industria téxtil tradicional de Galicia que foi substituída polo algodón na Revolución Industrial.

**Lodeiro:**

Deriva da palabra latina *lutariu*, “lodo”, “lama”.

**Malvís:**

Este topónimo toma o nome do malvís (*Turdus iliacus*), un paxariño da familia dos túrdidos que soe estar de paso por Galicia nunha época do ano.

**Mancas:**

O nome debe relacionarse co xeito que tiñan as leiras desta paraxe. Eran estreitas, alongadas e dispostas como as mancas dunha camisa.

**Mantas:**

Topónimo derivado do latín *mantu*, “manto”, “terras chans”.

**Maquiáns:**

Esta paraxe, localizada en Serantes, é testemuña indubidable da presenza de muíños maqueiros dos que aínda se conservan restos.

Estes muíños eran de propiedade privada e cobraban a maquiá pola súa utilización. Este imposto consistía en que o muíneiro percibía unha porción do gran ou da fariña por dar o servizo de moedura.

**Mato / Matogueira:**

Raíz *mat-*, “selva”. Terreo ermo.

**Milleira:**

Leiras que son apropiadas para o cultivo de millo.

**Miñoto:**

Pode ter un dobre significado:

1.- Se procede da raíz latina *miniu*, sinala unhas terras de cor vermella como consecuencia da presenza de óxido de chumbo na composición do solo.

2.- Se ten a orixe en *miliatu*, refírese aos miñatos.

**Morelo / Mourelo:**

Este topónimo deriva da raíz *mor-*, “pedra” e o sufixo *-elo*.

**Orxeira / Orxal:**

Menciona un espazo apto para o cultivo de orxo (*Hordeum vulgare*) que se utilizaba como herba forraxeira mesturado con avea e centeo. Ás veces, podía substituír ao centeo no proceso de elaboración da boroa.

**Outeiro:**

Do latín *altariu*, “lugar elevado”.

**Ozas:**

Zona que está en contacto con correntes acuíferas.

**Paio:**

Do latín *pelagiu*, “lugar que está achegado ao mar”.

**Panceira:**

Do latín *pane*.

Designa unha terra propicia para o cultivo de trigo e centeo, os elementos básicos do pan.

**Papaio:**

Nome que seguramente ten relación con *papa*, “comida”. Se é así, habería que emparentar este topónimo co trigo, co paínzo, ou co millo.

**Pardiñas:**

Do latín *pariete*, “pared”.

Sinónimo de Devesa, aínda que derivado dunha raíz diferente.

**Patelos:**

Pode relacionarse cunha superficie baixa e aplanada, pero tamén suxire un espazo onde brotaban unhas herbas coñecidas por este nome (*Ranunculus repens*).

**Piñeiro:**

Topónimo relacionado coa familia *pinus*.

A caste *pineae* foi introducida en Galicia na época romana. As outras castes son foráneas.

O *pinus pinaster* ou pino bravo chegou no século XVIII procedente da zona mediterránea e a especie *insignis*, orixinaria de California, adaptouse no século XIX.

**Polóns / Polonia:**

Estes topónimos, localizados na chaira do val de Traba, testemuñan a antiga presenza de folóns na zona. A circunstancia de que río de Traba atravesase a paraxe así o demostra e ademais no monte lindante localízase o Vadobatán.

O folón consistía nun enxeño mecánico que utilizaba a enerxía hidráulica, ao igual cos muíños, para apertar as fibras de la e de liño e obter así os tecidos.

**Porcos:**

Lugar frecuentado por porcos bravos (*Sus scrofa*).

**Pomar / Pumar / Pomariño / Pumariño:**

Do latín *pomu*, “froita”.

Topónimo emparentado coa voz francesa *pomme*. Indica un terreo plantado con árbores froiteiras.

**Pulgallos:**

Este nome sinala unha terra onde brota a pulgueira (*Polygonum persicaria*), unha herba propia de terras húmidas.

**Purpulleira:**

Este topónimo localizado en Nande designa unha zona con terras de cor avermellada, consecuencia da presenza de óxido de chumbo.

**Quinta:**

Este nome indica un terreo pechado e, xeralmente, cultivado.

**Reboiras:**

Procede da voz latina *robur*, “carballo”.

**Reimil:**

Antropónimo que ten como procedencia unha voz xermánica.

O personaxe chamábase Ragmil, que derivaría en Ragimirus, o actual Ramiro ou “persoa importante”.

**Remancho:**

A denominación apropiada deste topónimo sería Remanso.

Derivado do verbo latino *manere* e o prefixo *re-*, “deterse” e indica unha corrente de auga estancada.

**Retorta / Retorto:**

As características xeográficas do terreo determinan a disposición irregular das fincas.

**Ribeira / Ribeiro:**

Ámbolos dous nomes derivan da voz latina *ripa* e significan unha terra baixa que rodea ou está cerca dun río ou do mar.

Na zona de Laxe utilízase o nome de ribeira para indicar a área marítima utilizada para mariscar e pescar con cana.

**Rieiro:**

Este espazo está emparentado cun rego ou cunha canle de auga.

**Riovaio:**

O presente topónimo está formado por dúas palabras de raíz latina: *rivu* e *vadu*.

Este hidrónimo, situado no lugar de Socasas, parroquia de Traba, era o lugar por onde se podía atravesar o río. Máis tarde e no mesmo sitio construíron unha pontella.

Debido a este topónimo, a cartografía oficial denomina a este río como Río do Vao.

**Rivela:**

É un diminutivo de *ripa* e, polo tanto, mantén o mesmo significado.

**Roza / Rozal / Rozadela:**

Este topónimo deriva do latín *ruptiare* e garda relación coas actividades de roza. A denominada agricultura de rozas consistía en queimar un monte para logo cavalo e, aproveitando a vexetación queimada como abono, proceder ao sementado de trigo e centeo.

**Rueiro:**

Terreo arrimado á casa e que comprende o curral, a eira, o cabazo, os cabanotes, o palleiro e a horta.

**Salgueiro / Salgueiral:**

Lugar onde abundaban salgueiros, unha árbore da familia *salix*.

**Saramago / Saramago:**

Terreo onde medran saramagos (*Raphanus raphanistrum*).

**Seixo / Seixal:**

Do latín *saxum*, “pedra dura”.

**Senra:**

Agra de boa calidade que se aproveita para sementar cereais.

**Sequeiro:**

Topónimo derivado do latín *siccu*, “lugar seco”.

**Sobreiro:**

Terreo con sobreiras (*Quercus suber*).

**Somato:**

Nome que deriva do prefixo latino *sub-* e da raíz *mat-*, “debaixo do mato”.

**Souto / Souteiro:**

Topónimos que proceden da voz latina *salto*.

Indican un terreo poboado de castiñeiros.

**Suco:**

Son leiras longas e estreitas situadas polo xeral no medio de outras máis anchas.

A leira con esta figura chámase “marde” en Traba, “suco” e “estreita” noutros lugares.

**Tallo / Talla / Estalla:**

Leiras que se caracterizan por seren rectangulares, de pouca extensión e estar colocadas perpendicularmente coas precedentes, ás que se chama travesas. Na interposición forman unha figura xeométrica similar a un tallo.

Na outra testa soen lindar con arrós ou con regos de auga.

**Tarandeira:**

Esta paraxe localizada en Traba está formada pola raíz *tar-* e o sufixo abundancial *-eira*, “finca moi elevada”.

**Teixoeira:**

Topónimo que posúe unha dobre acepción:

- 1.- Será un fitónimo se abundan as árbores chamadas teixos (*Taxus baccata*).
- 2.- Será un zoónimo se o relacionamos co porco teixo (*Meles meles*).

**Touza:**

Lugar que está ocupado por toxos e malas herbas.

**Traba:**

O único topónimo que fai referencia ao pobo de Traba denomínase Sobre Traba e localízase cerca da canle do río, chamado tamén Río de Traba.

Prové da voz latina *tabula*, “táboa” e indica un terreo chan.

**Traleira:**

Paraxe que está situada detrás da eira.

**Uceira:**

Lugar onde medran uces, unhas plantas arbustivas da familia das ericáceas.

**Valado / Valada:**

Paraxe onde proliferan os valados, muros de pedra que serven para delimitar as propiedades rústicas.

**Vao:**

Deriva do latín *vadum* e fai referencia aos vaos ou sitios pouco profundos dun río por onde podían cruzar os animais, os carros e as persoas.

**Vella:**

Esta paraxe localizada nas proximidades da lagoa de Traba, significa un terreo pantanoso ocupado por especies herbáceas propias.

**Vila / Vilar:**

Ámbolos dous topónimos derivan do termo latino *villa* e manteñen o significado orixinario de casa de campo que incluía unha explotación agrícola anexa.

## 2.2/ A toponimia de entidades xeográficas relacionadas con montes.

### **Almozarro:**

É un nome de orixe árabe, vestixio da probable presenza de mudéxares nesta zona.

Esta voz é un calco da palabra árabe Almazara e está presente como topónimo noutras localidades de Galicia (por exemplo no Carballiño), aínda que no caso de Traba existe unha evidente deturpación xa que o topónimo galego non concorda en xénero co de referencia.

A terminación –arro imprime un carácter despectivo, posiblemente por referirse ao mundo árabe.

### **Albarelo:**

Este topónimo está composto por *albar* e o diminutivo *-ello*.

Indica un terreo onde nace o toxo albariño (*toxo albar*).

### **Añería:**

Lugar onde o terreo fai unha curva.

### **Arentiña:**

Deriva da base *ar-*, “lugar con auga”.

Nesta zona nacen as fontes do río dos Canleiros (Río do Vao no nomenclátor oficial) que non secan nin no verán.

A posible procedencia da voz latina *argentu*, “prata”, carece de argumentación empírica.

### **Arieiro / Arrieiro:**

Topónimo que designa un espazo onde hai moita area.

### **Arnado:**

Esta paraxe, localizada en Boño, que limita co mar e inclúe unha pequena praia, deriva da base *arn-*, “auga”.

### **Bañal:**

A súa raíz é a voz latina *balneu*, “lugar encharcado”.

### **Barazas:**

Este nome indica unha depresión natural, xa que seguramente a súa base lingüística deriva da raíz *bar-*.

Tamén pode designar un monte común se lle outorgamos ao termo o valor de barazal.

### **Barbadiño:**

Sinala unha pequena depresión no terreo.

### **Bico:**

O bico defínese como a parte máis alta dun monte.

### **Boca:**

Entrada ou tamén a saída dun espazo xeográfico.

### **Calcaxido:**

Monte onde abundan unhas rochas de cor prateada debido á alta concentración de carbonato cálcico que existe na súa composición.

### **Caldeiros:**

Paraxe onde aparecen escavadas nas penas unhas concavidades similares aos caldeiros. Son as chamadas pías, que se forman pola alteración da rocha granítica debido ao proceso de meteorización química.

No litoral marítimo aparece con frecuencia este topónimo, así a Punta das Pías en Traba.

### **Campela / Campelo:**

Do latín *campus* e o sufixo diminutivo *-ela / -elo*, “campo pequeno”.

### **Capeludos:**

Este nome designa un monte que no seu cume remata na forma dos palleiros.

### **Cardeira / Cardido:**

A base da súa formación está na raíz *car-*, “monte con pedras”.

**Carril:**

Este topónimo, derivado do latín *carrile*, pode ter un dobre significado.

1.- As pegadas que deixan no camiño o paso continuado dos carros, que en Laxe chámanse rodeiras.

2.- A abertura feita nun valado para permitir o paso dos carros e que se pechaba cunha cancela.

**Castelo:**

Nas paraxes así denominados de Serantes e Traba quedan restos evidentes de construcións tardomedievais que, sen chegar a ser verdadeiros castelos, ben poderían ser catalogadas como elementos defensivos ou de vixilancia.

**Castrallóns:**

A presenza deste topónimo en dous espazos diferenciados, un no monte (cerca de A Moa) e outro no litoral marítimo (entre Arnado e o Catasol), é indicio da posible existencia de elementos castrexos, mais esta circunstancia só é unha presunción xa que non hai restos arqueolóxicos catalogables.

A mellor definición, empiricamente demostrable, é que son espazos redondeados similares aos castros.

**Catasol:**

Lugar por onde sae o sol, onde se capta o primeiro sol do día.

**Chamiceira:**

Teoricamente indica un monte afectado por queimas, derivadas posiblemente de labores de roza ou de colonización de novas terras.

Vulgarmente dise así dun lugar seco e de pouco valor.

**Charrúa:**

Indica un terreo labrado.

Charruar significa labrar en moitos lugares de Galicia e, en francés, *charrue* é un arado.

**Coído:**

Espazo marítimo cheo de coios redondeados, chamados comunmente bolos.

**Coto / Cotro:**

Raíz *cot-*, “alto”.

Sinala a parte máis alta, neste caso dun monte.

**Cornuda:**

A súa base é *cor-* / *corn-*, “rocha”.

**Corredor:**

Espazo estreito que se abre entre dous montes e serve de paso.

**Costa / Costadón:**

Espazos que presentan unha forte pendente nos seus accesos.

**Curros:**

Monte que ten forma redondeada e está cercado.

**Erbedeiro:**

Topónimo que designa un espazo onde brota o érbedo (*Arbutus unedo*), chamado tamén alvedro, unha planta arbustiva da familia das ericáceas.

**Estivada / Estivadelle**

Terreo inulto que se queimaba e, aproveitando a borrarra como abono, sementábase con cereais, xeralmente centeo e trigo.

**Farrapeiro:**

Espazo fragmentado en fincas pequenas, mal feitas e de escasa produtividade.

**Fervenza:**

Este topónimo deriva do verbo latino *ferveo*.

O significado de ferver ven dado pola sensación que ofrece a caída da auga ao salvar os desniveis do monte.

**Fontalgueira:**

Nome relacionado coa raíz latina *font-*.

Indica un lugar onde brotan pequenos mananciais de auga.

**Fureta:**

Espazo no que existen furacos, que poden ser naturais, feitos polo home ou construídos por animais.

**Furna:**

Cavidade feita pola erosión das augas nos acantilados do litoral.

**Gallas:**

Paraxe presidido pola Pedra das Gallas, unha rocha que remata en forma de forca e que serve de marco entre os concellos de Laxe e Vimianzo.

**Gamallos:**

Terreo que estaba cuberto de gamallos (*Laurus nobilis*).

**Gatiñeira:**

A significación máis apropiada será a de monte onde abunda o toxo gateño (*Ulex nanus*).

**Gralleira:**

Sitio que soe ser visitado polas grallas, paxaros da familia dos córvidos, con plumas negras e peteiro vermello (*Corvus frugileus*).

**Lagarteiro:**

Monte onde se crían lagartos xa que as súas condicións xeográficas son apropiadas (orientación, rochas, vexetación, etc.).

Se abundaban os lagartos, igualmente frecuentaría ese lugar a ave de rapina chamada lagarteiro (*Falco tinnunculus*), que tamén lle puido dar nome á paraxe.

**Lomba:**

Deriva do latín *lumbu*, “espalda”.

É unha elevación do terreo en forma redondeada.

**Marzos:**

Como tese, aventuro pensar que se trata dun fitónimo que designa un espazo onde medra a marzoa, un arbusto parecido ao espiño que florece no mes de marzo (de aí o apelativo) e de nome científico *Crataegus oxyacantha*.

**Meixoeiro / Meixueiro:**

Lugar onde se dan ben as ameixeiras, posiblemente da caste brava.

**Mexerica:**

Lugar de nacemento das fontes do río de Traba que na baixante do monte convértense en pequenas fervenzas.

**Miguelos:**

Topónimo que suxire a existencia dun lugar apropiado para que se dean os migueliños, unhas ameixas que maduran por San Miguel (de aí o nome).

**Mina:**

Paraxe que recibe este nome por radicar aquí o núcleo de extracción do caolín.

**Mirto:**

Terreo onde abunda un arbusto que ten como nome científico *Myrtus communis*.

**Mexadoira:**

Topónimo formado a partir da forma verbal latina *miscere*, “mexer”, remexer”, “axitar”.

**Mexerica:**

Derivado do latín *miscere*, “mexer”, axitar”

**Montecelo / Montaña:**

Indica un monte de escasa elevación.

**Mouromorto:**

Orónimo que ten a súa orixe na compoñente preindoeuropea *mor*, “terreo pedroso” que se repite no propio nome.

**Mouzóns:**

Topónimo que aparece con frecuencia nos concellos da zona.

Se aceptamos a premisa da vocalización do fonema *n*, debemos relacionalo coa raíz latina *monte*.

**Muros:**

Deriva da raíz *mor-*, “rocha”.

**Olmos:**

O nome da paraxe ven dado pola especie vexetal dominante na zona e que forma parte da familia das ulmáceas.

**Pagos:**

Este topónimo está asociado cronoloxicamente ao ano 1927. Nesta data procedeuse ao reparto do monte comunal de Laxe entre os veciños como consecuencia da entrada en vigor do Decreto de Redención de Foros promulgado en 1926.

Estas parcelas foron entregadas, como compensación, aos veciños que levaron menos proporción no reparto dos bens comunais.

**Pandeiño:**

Nome que procede do adxectivo latino *pandu*.

Indica un terreo circular, similar a un pandeiro.

**Paradela:**

Paraxe onde o monte fai un pequeno chan para novamente elevarse.

**Parancha:**

Do latín *petra ampla*, “terreo dominado por grandes pedras”, aspecto evidente neste caso.

**Parnovelo:**

A derivación deste topónimo, inequivocamente latina, pode ter unha dobre vía:

1/ Antropónimo derivado de *petra Nobili* ou “pedra de Nobilio”.

Esta procedencia pode ser, filoloxicamente, correcta.

2/ Orónimo derivado de *petra nova*.

Esta acepción presenta unha discordancia de xénero no topónimo, que podería deberse a unha deturpación propia da toponimia galega.

**Pedra:**

Este elemento utilizábase xeralmente como punto xeográfico referencial.

A variedade de topónimos que usan este símbolo, só ou acompañado, é múltiple. Explicaremos a historia de dous exemplos: Pedra da Folga e Pedra Cortiza.

A Pedra da Folga está situada no camiño dos Canleiros, unha das vías de comunicación interior existente entre Laxe e as terras de Camariñas ata abrirse a estrada actual no ano 1949. Chámase así por ser este o lugar onde arrieiros e carreteiros facían un descanso.

A Pedra Cortiza localízase no monte das Rumbadas. Recibe este apelativo porque as pedras deste monte de Traba teñen a mesma disposición cos panais no interior dos cortizos. Debido a esta circunstancia, o núcleo de extracción de antes para facer valados localizábase aquí.

**Pena / Penela:**

Deriva da raíz *penn-*, “rocha”, “penedo”.

Pedra adherida de forma natural ao terreo.

**Pinchón:**

Sinala a parte máis alta dunha montaña que acaba en ángulo, ao igual que as casas con cuberta a dúas vertentes.

**Pino manso:**



Monte onde medraba o piñeiro (*Pinus pinea*).

**Piollosa:**

Paraxe que posiblemente indique un espazo onde a súa vexetación sofre a praga da piolla, unha enfermidade asociada ás condicións do terreo.

**Piringuela:**

Do latín *pendere*, “pedra colgada”.

**Pombada:**

Zona frecuentada pola pomba torcaza (*Columba palumbus*), a especie que prefire o hábitat de montaña.

**Portela:**

Pequena abertura nun valado que permite a entrada de persoas e animais.

**Posados:**

Pedras postas en fila no leito dun río para que as persoas puidesen atravesalo sen mollarse.

**Quenllas:**

Topónimo derivado da palabra latina *canícula*, con dobre significado: paso estreito entre montes ou lugar polo que discorren canles de auga.“

**Raposiños:**

Terreo frecuentado polo raposo (*Vulpes vulpes*) ou máis ben, sitio onde os raposos fan as súas goridas.

**Rascalobos:**

Monte situado nas proximidades do hábitat dos lobos.

**Recoste:**

É sinónimo de relleira ou pendente dun monte.

**Relanzo / Relance:**

Camiño en zigzag que permite superar o desnivel dun monte.

**Rodeiro:**

Este monte parece un outeiro redondeado, mesmamente unha roda e de aí o nome.

**Rucheira / Rucheiro:**

Terreo que está cheo de pedras.

**Rumbadas:**

Designa un espazo que ten moito volume, moito rumbo. Un monte que ocupa unha grande superficie.

**Saltadoiro:**

Monte onde existen moitos valados de pedra e tamén de terróns. Atravesalo requiría saltar eses obstáculos.

**Sino:**

Nesta paraxe existe unha pedra de tamaño apreciable que se utilizaba como sinal xeográfico.

**Taral:**

Topónimos derivados da base *tar-* e o sufixo *-al*, “moitas rochas”.

**Tellos:**

Do latín *tegula*, “barro”.

**Tembrosa:**

Zona pantanosa que retumba cando por enriba se moven as persoas ou os animais por mor do afloramento do nivel freático.

**Tensora:**

Topónimo asociado á mina de caolín de Coéns e que se chama tamén A Estación.

Neste lugar instalouse o mecanismo de tensión dos cables da vía aérea por onde circulaban as vagonetas que transportaban a arxila.

**Terredondo:**

Terreo redondo.

**Tinza:**

Este apelativo utilízase no rural de Laxe para designar ás parcelas que resultaron do reparto do monte aberto no ano 1927.

En Vimianzo chámase “eito” e “leira” en Camelle.

**Travesa / Traveso:**

Fincas que teñen unha disposición perpendicular, atravesada, en relación coas precedentes.

**Tremueira:**

Topónimo que procede do verbo latino *tremere*.

Sinala un terreo moi batido polos ventos.

**Vadarosa:**

Nome composto pola voz *vadum*, a raíz *ar-* e o sufixo aumentativo *-osa*.

O río dos Canleiros atravesa este lugar onde existe un vao que permite o paso dos que veñen polo camiño do Lodeiro.

**Vadobatán:**

No curso alto da río de Traba, no monte de Reboredo, sitúase este nome de lugar derivado dos voces latinas *vadum* e *battuo*.

Sinala a presenza dun vao que servía de acceso ao batán, coñecido tamén por folón, pisón ou polón.

**Valente:**

Este cualificativo imprime ao espazo unha característica de valor.

O Valente é realmente un monte extenso e de boa calidade.

**Xisto:**

Fitónimo que se relaciona coas xestas (*Genista*).

Podería igualmente ser considerado como un orónimo, pero a inexistencia deste tipo de rocha na zona impoñen a anterior acepción.

### **3/ A macrotoponimia, toponimia maior ou toponimia das entidades de poboación.**

#### **Agravil:**

Topónimo derivado de *agru* e *vile*, co significado de agra de escaso valor.

#### **Aprazaduiro, O:**

Topónimo derivado do latín *ad plateatorium*, “lugar onde é necesario deterse”.

Este lugar, punto onde se cruzaban os camiños que comunicaban as parroquias de Traba, Sarces e Salto, estaba presidido por unha capela dedicada ao culto de San Antón e dependente da casa do Aprazaduiro. A presenza deste elemento relixioso obrigaría aos transeúntes a facer unha parada, seguramente para rezar.

#### **Areal, O:**

Lugar onde hai moita area.

#### **Bieiteiro, O:**

Terreo onde medra o bieiteiro (*Sambucus nigra*).

O sinónimo máis preciso para designar esta paraxe en Galicia sería Sabugal ou Sabugueiro, que non aparece como topónimo na xeografía do concello de Laxe.

#### **Biqueira, A:**

O bico defínese como a parte máis alta ou a máis adiantada dun lugar.

#### **Boño:**

Nome de lugar derivado da base prelatina *bod-*, “auga”.

#### **Cabanas:**

Nome derivado do latín *capanna*.

Indica un conxunto de casas de baixa calidade, pero igualmente pode significar o espazo onde se situaban as cabanas de palla, chamadas tamén medas e palleiros.

#### **Cabanela, A:**

Fórmase a partir da voz latina *capanna* e do sufixo diminutivo *-ela*.

Sinala a presenza de vivendas rústicas de construción feble, xeralmente de madeira e palla, utilizadas para gardar útiles e bens relacionados co sector agrario.

#### **Cabo da Area, O:**

Extremo ou fin do areal.

#### **Campo dos Bois, O:**

Podemos aceptar unha dobre derivación para este topónimo.

Se procede da raíz prelatina *boi-*, “pedra”, indica un terreo moi pedroso.

Se a súa orixe é a voz latina *bove*, habería que emparentalo co gando bovino.

#### **Campodorreiro, O:**

A acepción orixinal deste topónimo debe entenderse como Campo do Rieiro.

A paraxe inclúe varios regatos de auga que son afluentes do río de Traba, con presenza de muíños e, máis abaixo, unhas terras que vaticinan a existencia de folóns.

#### **Camposa, A:**

Do latín *campus* e o sufixo aumentativo *-osa*, “campo grande”.

#### **Canle, O:**

Do latín *canale*, “canle”.

#### **Carballal, O:**

Topónimo derivado da raíz *quercus*, “carballo”.

#### **Carrabete:**

Antropónimo relacionado coa familia dos Carrabete, instalada neste lugar dende o século XVI.

#### **Casas Baratas, As:**

Conxunto de vivendas de promoción pública construídas na década de 1950.

#### **Castrelo:**

Este topónimo é sinónimo de castro pero neste lugar non hai vestixios da cultura castrexa.

Os habitantes do castro da Torre, romanizados e obrigados por necesidade a abandonar o seu hábitat e a establecerse nas chairas, manteñen no novo asentamento a súa identidade e por iso seguen a considerarse castrexos.

**Centeal, O:**

Do latín *centenu*.

Lugar apto para o cultivo de centeo, un cereal utilizado para facer pan.

**Cernado:**

Do latín *cinere*, “cinza”.

Este topónimo está directamente vinculado co fenómeno da colonización de terras virxes.

**Cóens:**

Deriva da raíz *con-* e significa “lugar rochoso”.

**Conlle:**

Da raíz *con-*, “penedo”.

**Costa, A:**

Lugar situado nunha forte pendente.

**Cuíña:**

Topónimo derivado da raíz *cun-*, “rocha”.

**Finlido:**

Do latín *findo*, “fender”, “rachar”.

**Foxiños, Os:**

Do latín *fogiu*, “foxo”, “covo”, “barranco”.

**Gundar:**

Antropónimo de orixe sueva.

A estrutura sintáctica deste nome de lugar sería (*Villa*) *Gontari*, “Vila de Gondar”.

**Laxe:**

O nome da capital do concello deriva da raíz precéltica *lab-*, “pedra aplanada”.

**Lourido:**

Fitónimo que ten como referencia o loureiro (*Laurus nobilis*), unha árbore característica desta área.

**Matío:**

Lugar dominado polo mato.

**Melgueiras, As:**

Do latín *melle* e o sufixo aumentativo *-eira*, “abundancia de mel”.

**Mordomo:**

Topónimo relacionado con mordomo, un representante da baixa nobreza galega.

**Pena, A:**

Pedra grande adherida de forma natural ao terreo.

**Penelas:**

Lugar cuberto de penas pequenas.

**Piñeiro, O:**

Lugar relacionado co *Pinus pinea* ou pino manso

**Reboredo:**

Do latín *robur*, “carballo” e sufixo *-edo*.

**Romea, A:**

Lugar onde nace a romea (*Rosmarinus officinalis*), un arbusto moi recendente.

**Rueiro, O / Arrueiro:**

A base deste topónimo é a palabra rúa.

Rueiro indica a vía de servizo dunha casa labrega galega onde se situaban espazos como o curral, a eira, a horta e construcións como o hórreo, a palleira e os alpendres.

Rúa era unha palabra feminina polo que ía antecedita do artigo determinado a. Co paso do tempo o artigo asimilouse á palabra e, posteriormente, ao ser rueiro masculino, anteponse o artigo o.

Trátase dun fenómeno lingüístico denominado prótese que consiste en engadir unha vocal ao principio da palabra. Exemplos idénticos serían Abidueira, Oporto, amoto, arradio, etc. O nome adoptado polo nomenclátor oficial da Xunta de Galicia para este lugar é O Rueiro.

**Salgueirón:**

Lugar onde abundaban salgueiros, unha árbore da familia *salix*.

**Socasas:**

A lectura deste topónimo asóciase cunha pregunta: ¿debaixo de qué casas estaba situado este lugar?

Como resposta pode valer a seguinte: debaixo das edificacións localizadas nunha cota máis alta e integradas no Castro de Socasas.

**Soesto:**

Do latín *sub honestu*, “debaixo dunha residencia de honor”.

Actualmente non quedan vestixios desa construción, pero as referencias históricas documentan que o rei Alfonso IX tiña unha peza residencial no espazo que máis tarde vai ser ocupado polo Pazo de Leis.

**Tella, A:**

Deriva do latín *tegula*.

Refírese a un lugar con moito barro.

**Torre, A:**

Do latín *turre*, “fortaleza”.

Da antiga construción, residencia habitual da fidalguía galega do Antigo Réxime, só se conservan algúns restos.

**Transfontáns:**

A tradución literal deste topónimo sería “terreo situado detrás do lugar onde nacen fontes”.

**Virtudes, As:**

Haxiotopónimo que, seguramente, está relacionado coa existencia dun santuario.